

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 3212** *Orde ECC/461/2013, do 20 de marzo, pola que se determinan o contido e a estrutura do informe anual de goberno corporativo, do informe anual sobre remuneracións e doutros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas, das caixas de aforros e doutras entidades que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.*

A normativa sobre goberno corporativo tivo unha evolución substancial durante os últimos anos, tanto a nivel comunitario coma no ámbito nacional. A súa relevancia e utilidade para garantir un correcto funcionamento dos mercados levou os poderes públicos a incrementaren e perfeccionaren as obrigas existentes sobre a materia, o que comprendeu, entre outras accións, a aprobación do Código unificado de bo goberno das sociedades anónimas cotizadas.

Tanto a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, como o Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros, procederon a modificar o réxime xurídico existente impondo novas obrigas en materia de goberno corporativo ás sociedades anónimas cotizadas e ás caixas de aforros, respectivamente.

A aprobación destas normas comporta a necesidade de revisar as disposicións de carácter regulamentario actualmente existentes co fin de adaptalas ás novas obrigas que a lexislación introduce, o que constitúe a finalidade principal desta orde ministerial.

Esta revisión afecta fundamentalmente as sociedades anónimas cotizadas e as caixas de aforros, sen prexuízo de que tamén se conteñan disposicións en relación con outras entidades que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

En relación coas sociedades anónimas cotizadas, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, procedeu á reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, levando a cabo a derogación do seu artigo 116, que contiña normativa sobre o informe anual de goberno corporativo das sociedades anónimas cotizadas, así como á incorporación dun novo capítulo VI que leva por título «Do informe anual de goberno corporativo». Este novo capítulo consta de dous artigos, 61 bis e 61 ter, que conteñen disposicións relativas ao informe anual de goberno corporativo e ao informe anual sobre remuneracións dos conselleiros, respectivamente.

O xa derogado artigo 116 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, foi desenvolvido pola Orde ECO/3722/2003, do 26 de decembro, sobre o informe anual de goberno corporativo e outros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas e outras entidades, que concretaba a estrutura que debía ter o informe anual.

A derogación do artigo 116 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, así como a aprobación do Código unificado de bo goberno, fai necesario adaptar a Orde ECO/3722/2003, do 26 de decembro, á nova normativa existente.

Os artigos 61 bis e ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, posibilitan que o desenvolvemento normativo destes preceptos o faga o ministro de Economía e Competitividade ou, logo de habilitación do ministro, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

En relación coas caixas de aforros, o Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros, introduce na Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforros, un novo artigo 31 bis sobre o informe de goberno corporativo que substitúe a redacción anterior.

O desenvolvemento da normativa anteriormente existente levouse a cabo por medio da Orde ECO/354/2004, do 17 de febreiro, sobre o informe anual de goberno corporativo e outra información das caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

O artigo 31 bis da Lei 31/1985, do 2 de agosto, faculta o Ministerio de Economía e Competitividade para determinar o contido e a estrutura do informe anual de goberno corporativo das caixas de aforros e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores no caso de que se trate de caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

Tendo en conta o anterior, e co fin dunha mellor ordenación da materia, agrúpase nunha única orde ministerial a normativa que desenvolve as obrigas relativas ao informe de goberno corporativo tanto das sociedades anónimas cotizadas como das caixas de aforros e outras entidades.

Pola súa banda, o artigo 61 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, na redacción dada pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, prevé que as caixas de aforros deberán elaborar un informe anual sobre as remuneracións dos membros do consello de administración e da comisión de control, de forma que con esta orde se desenvolven de maneira conxunta as obrigas de información que ao respecto teñen as sociedades anónimas cotizadas e as caixas de aforros.

Non obstante, a regulación contida nesta orde non se esgota nas disposicións relativas ás sociedades anónimas cotizadas e ás caixas de aforros, pois cómpre recordar que a disposición adicional terceira da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de reforzar a transparencia das sociedades anónimas cotizadas, se refire ao informe de bo goberno corporativo do resto de entidades que emitan valores que se negocien en mercados oficiais de valores, o cal foi desenvolvido pola Orde ECO/3722/2003, do 26 de decembro, sobre bo goberno corporativo das sociedades cotizadas.

En canto a disposición adicional terceira mantén a súa redacción, o seu desenvolvemento incorpórase igualmente a esta orde ministerial en termos semellantes aos existentes con anterioridade.

Finalmente, esta orde ministerial, en liña co disposto na Orde ECO/3722/2003, do 26 de decembro, contén unha disposición relativa aos instrumentos de información e información relevante das sociedades cotizadas e caixas de aforros, de acordo co disposto no artigo 82, números 5 e 2, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, así como no artigo 539, números 3 e 5, do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital. Na súa virtude, desenvólvese a obriga de publicación de información relevante na páxina web.

En canto á estrutura da orde, a norma consta de trece artigos agrupados en catro capítulos.

O primeiro deles inclúe as disposicións xerais e introduce un principio de transparencia que informará os deberes de información que se desenvolven na orde.

O capítulo segundo refírese ao informe anual de goberno corporativo das sociedades anónimas cotizadas, caixas de aforros e outras entidades.

En relación coas sociedades anónimas cotizadas, mantense o esquema existente na antiga orde, aínda que se amplían os elementos que deberán formar parte do contido mínimo do informe de goberno corporativo ao se incorporar información sobre os valores que non se negocien nun mercado regulado comunitario, información relativa ás normas aplicables á modificación dos estatutos da sociedade, restricións á transmisibilidade de valores e calquera restrición ao dereito ao voto, entre outros aspectos.

Respecto ás caixas de aforros, a orde mantén gran parte do contido da orde anterior, aínda que existen novidades de relevancia. A principal é que, a partir de agora, o informe de goberno corporativo deberá ser elaborado por todas as caixas de aforros e non unicamente por aquelas que emitisen valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores, como se recollía na Lei 26/2003, do 17 de xullo.

Así mesmo, introdúcese na orde, de acordo co disposto no Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, unha referencia ás diferentes comisións, como a de retribucións e nomeamentos ou a comisión de obra social que, de acordo coa normativa de caixas de aforros, forman parte da estrutura destas entidades, así como preceptos relativos aos conflitos de interese e a descrición das principais características dos sistemas internos de control e xestión de riscos.

Cómpre salientar que no articulado desta orde se introduciu unha obriga expresa de informar sobre as medidas que puideron adoptar as entidades, se é o caso, para procurar a inclusión de conselleiras nos consellos de administración. Estas disposicións non imponen unha obriga de adoptar este tipo de medidas, senón, simplemente, de comunicar se a entidade optou ou non por adoptalas e, en caso afirmativo, de describilas.

O capítulo III refírese ao informe anual sobre remuneracións dos conselleiros das sociedades anónimas cotizadas e das caixas de aforros.

Este capítulo desenvolve o disposto no artigo 61 ter da Lei 2/2011, do 4 de marzo, e contén previsións sobre a estrutura e o contido que deberá ter o informe anual sobre remuneracións dos conselleiros das sociedades anónimas cotizadas e das caixas de aforros.

Ao igual que o informe de goberno corporativo, o informe anual sobre remuneracións terá a consideración de feito relevante e deberá ser remitido á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Preténdese con esta orde que se teña información transparente das remuneracións dos conselleiros, calquera que sexa a forma que adopten, e da forma en que as sociedades e caixas de aforros vinculan a política de remuneracións ao bo funcionamento no longo prazo da sociedade.

O capítulo IV da orde ministerial contén unha disposición relativa aos instrumentos de información das sociedades cotizadas e caixas de aforros, na cal se indica a información relevante que deberá ser incluída nas páxinas web de que dispoñan.

Finalmente, a orde ministerial inclúe unha disposición adicional relativa aos informes de goberno corporativo e de remuneracións das caixas de aforros que non emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores e as caixas de aforros que desenvolvan o seu obxecto como entidade de crédito a través dunha entidade bancaria, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras, nunha das cales se establece unha habilitación normativa á Comisión Nacional do Mercado de Valores para detallar o establecido na orde.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto:

a) Determinar a estrutura e o contido mínimo do informe anual de goberno corporativo das sociedades anónimas cotizadas, e das caixas de aforros e outras entidades que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

b) Determinar a estrutura e o contido mínimo do informe anual sobre remuneracións dos conselleiros das sociedades anónimas cotizadas e dos membros do consello de administración e da comisión de control das caixas de aforros.

c) Desenvolver as obrigas relativas a outros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas e das caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

Artigo 2. Principio de transparencia informativa.

A información que se deberá incluír no informe anual de goberno corporativo e no informe anual sobre remuneracións das entidades obrigadas por esta orde deberá ser clara, íntegra e veraz, sen que se poida incluír información que poida inducir a erro ou confusión ao investidor co obxecto de facerse un xuízo fundado da entidade.

Artigo 3. Forma de remisión do informe anual de goberno corporativo e do informe anual sobre remuneracións.

Para a súa difusión, o informe anual de goberno corporativo e o informe de remuneracións serán obxecto de presentación por vía telemática a través do sistema CIFRADO/CNMV ou outro similar, que, de ser o caso, estableza a CNMV.

Non obstante, e por solicitude da sociedade ou entidade emisora, a CNMV, con carácter excepcional e por causas xustificadas, poderá autorizar que o informe anual de goberno corporativo e o informe anual sobre remuneracións sexan presentados en formato papel e no modelo que proceda de conformidade co establecido pola CNMV.

Artigo 4. Responsabilidade do informe anual de goberno corporativo e do informe anual sobre remuneracións.

A responsabilidade da elaboración e do contido da información do informe anual de goberno corporativo e do informe anual sobre remuneracións corresponde ao órgano de administración da entidade.

CAPÍTULO II

Informe anual de goberno corporativo de sociedades anónimas cotizadas, caixas de aforros e outras entidades

Artigo 5. Informe anual de goberno corporativo das sociedades anónimas cotizadas.

O informe anual de goberno corporativo terá o contido mínimo seguinte:

1. Estrutura da propiedade da sociedade. Dentro desta epígrafe conterase, polo menos, a seguinte información:

a) Identidade dos accionistas que contén con participacións significativas, directas, indirectas ou en virtude de pactos ou acordos entre accionistas, de conformidade co establecido no Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en relación cos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado da Unión Europea, xunto coas respectivas porcentaxes accionariais que posúa cada titular de participacións significativas.

En todo caso, teranse en conta tanto a titularidade dominical das accións coma os dereitos de voto que se gocen en virtude de calquera título.

b) Relacións de índole familiar, comercial, contractual ou societaria que existan entre os titulares das participacións significativas e a sociedade, ou entre os titulares de participacións significativas entre si, na medida en que sexan coñecidas pola sociedade, salvo que sexan escasamente relevantes ou deriven do xiro ou tráfico comercial ordinario.

c) Forma de representación no consello dos accionistas con participacións significativas.

d) Sinalamento das participacións accionariais de que sexan titulares os membros do consello de administración na sociedade cotizada, tanto de forma agregada coma individualizada.

En todo caso, teranse en conta tanto a titularidade dominical das accións coma os dereitos de voto que se gocen en virtude de calquera título.

e) Indicación da existencia de pactos parasociais comunicados á propia sociedade e á Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de ser o caso, depositados no Rexistro Mercantil, con especificación da identidade dos accionistas vinculados polo pacto e do seu contido obxecto de comunicación, publicidade e rexistro.

f) Información dos valores que non se negocien nun mercado regulado comunitario, con indicación, se é o caso, das distintas clases de accións e, para cada clase de accións, os dereitos e as obrigas que confira.

g) Especificación da porcentaxe de autocarteira da sociedade no momento do peche do último exercicio, xunto coas variacións significativas que experimentase a autocarteira, de acordo co disposto no Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro.

h) Calquera restrición á transmisibilidade de valores e calquera restrición ao dereito de voto.

En particular, comunicarase a existencia de calquera tipo de restricións que poidan dificultar a toma de control da sociedade mediante a adquisición das súas accións no mercado.

2. Funcionamento da xunta xeral e desenvolvemento das súas sesións.

Dentro desta epígrafe conterase, polo menos, a seguinte información: datos de asistencia á xunta xeral do exercicio sobre o cal se informa e das xuntas xerais anteriores, existencia de restricións estatutarias que establezan un número mínimo de accións para asistir á xunta, así como o enderezo e modo de acceso á páxina web da sociedade á información sobre goberno corporativo e os dereitos dos accionistas.

Comunicarase igualmente a existencia de reforzamentos dos quórum de votación para determinados tipos de decisións, por riba dos estándares legais.

Información relativa ás normas aplicables á modificación dos estatutos da sociedade.

En particular, comunicarase as maiorías previstas para a modificación dos estatutos e, de ser o caso, as normas previstas para a tutela dos dereitos dos socios na modificación dos estatutos.

Indicarase, ademais, se se acordou que determinadas decisións que entrañen unha modificación estrutural da sociedade deban ser sometidas á aprobación da Xunta Xeral de accionistas, aínda que non o exixan de forma expresa as leis mercantís.

3. Estrutura da administración da sociedade. Dentro desta epígrafe conterase, polo menos, a seguinte información:

a) Consello de administración:

Composición do consello de administración. Deberase reflectir o número, identidade e participación no capital dos membros do consello de administración, así como a condición destes. En todo caso, indicarase se os seus membros son conselleiros executivos ou non e, dentro dos conselleiros non executivos, deberanse sinalar os membros que teñan a condición de conselleiros dominicais ou de conselleiros independentes, todo iso de conformidade coas definicións establecidas nesta orde e, no seu defecto, coas recomendacións de bo goberno. Xunto coa identidade de cada conselleiro sinalarase o posto ou postos que ocupe dentro do Consello de Administración, das comisións do Consello de Administración e do organigrama da sociedade, de ser o caso.

No caso de que un conselleiro cualificado como independente se encuentre no suposto descrito nas letras b) ou e) do artigo 8.4 desta orde, incluírase unha declaración motivada do consello sobre as razóns polas cales considera que o dito conselleiro pode desempeñar as súas funcións en calidade de conselleiro independente.

Indicarase a composición das diferentes comisións do consello de administración, especificando a proporción de conselleiros dominicais e independentes que o integran.

Regras de organización e funcionamento do consello de administración. Deberase indicar a estrutura do consello de administración, procedementos de selección,

nomeamento e remoción de conselleiros, e das correspondentes comisións coas súas regras de organización e funcionamento, competencias que o consello se reservou para a súa aprobación e a existencia de delegación de facultades en conselleiros ou comisións, de ser o caso. Sinalarase a existencia do regulamento do consello de administración e, de ser o caso, dos regulamentos das comisións do dito consello, o lugar en que está dispoñible para a súa consulta e as modificacións que se realicen a estes.

Indicarase se o consello de administración procedeu no ano correspondente a realizar unha avaliación da súa actividade, indicando nese caso en que medida a autoavaliación deu lugar a cambios importantes na súa organización interna e sobre os procedementos aplicables ás súas actividades.

b) Membros do consello de administración:

Remuneración dos membros do consello de administración. Inclúese a remuneración global do consello de administración. Para estes efectos, en todo caso entenderanse comprendidas dentro da remuneración o importe dos soldos, axudas de custos e remuneracións de calquera clase, incluídas as remuneracións en especie, devindicadas no curso do exercicio polos membros do órgano de administración, calquera que sexa a súa causa, así como das obrigas contraídas pola sociedade e os dereitos acumulados polo conselleiro en materia de pensións ou de pagamento de primas de seguros de vida respecto dos membros antigos e actuais do órgano de administración.

Indicación dos conselleiros que fosen nomeados en representación dos titulares de participacións significativas, ou cuxo nomeamento fose promovido polos titulares de participacións significativas, ou vinculados a accionistas con participacións significativas, con especificación da natureza das relacións que os vinculen aos titulares de participacións significativas.

Indicación da existencia e identidade de membros do consello de administración que sexan, pola súa vez, membros do consello de administración de sociedades que teñan participacións significativas na sociedade cotizada. Deberase indicar, así mesmo, a existencia e identidade dos conselleiros que asuman cargos de administradores ou directivos noutras sociedades que formen parte do grupo da sociedade cotizada.

c) Poderes dos membros do consello de administración:

Información dos poderes dos membros do consello de administración e, en particular, os relativos á posibilidade de emitir ou recomprar accións.

d) Acordos significativos:

Información dos acordos significativos que subscribise a sociedade e que entren en vigor, sexan modificados ou conclúan en caso de cambio de control da sociedade por mor dunha oferta pública de adquisición, e os seus efectos, agás cando a súa divulgación resulte seriamente prexudicial para a sociedade. Esta excepción non se aplicará cando a sociedade estea obrigada legalmente a dar publicidade desta información.

e) Acordos indemnizatorios:

Información detallada dos acordos entre a sociedade e os seus cargos de administración e dirección ou empregados que dispoñan indemnizacións cando estes dimitan ou sexan despedidos de forma improcedente ou se a relación contractual coa sociedade chega á súa fin con motivo dunha oferta pública de adquisición ou doutro tipo de operacións.

f) O informe anual de goberno corporativo deberá incluír información relativa ao número de conselleiras que integran o consello de administración e as súas comisións, así como o carácter de tales conselleiras, todo isto con indicación da evolución desta composición nos últimos catro anos.

Igualmente, incluírase información sobre as medidas que, se é o caso, se adoptaron para procurar incluír no seu consello de administración un número de mulleres que

permita alcanzar unha presenza equilibrada de mulleres e homes, así como as medidas que, se é o caso, conviñese a comisión de nomeamentos para que, ao se proveren novas vacantes:

1.º Os procedementos de selección non soporten nesgos implícitos que obstaculicen a selección de conselleiras.

2.º A compañía busque deliberadamente, e inclúa entre os potenciais candidatos, mulleres que reúnan o perfil profesional buscado.

Cando a pesar das medidas que, se é o caso, se adoptasen, sexa escaso ou nulo o número de conselleiras, o consello deberá explicar os motivos que o xustificuen.

g) Número de membros da alta dirección que non sexan, pola súa vez, conselleiros executivos, indicando a remuneración total devindicada ao seu favor durante o exercicio e se existen cláusulas de garantía ou blindaxe en caso de despedimento ou cambios de control. Igualmente, informarase sobre se os contratos dos altos directivos, incluíndo os dos conselleiros executivos, que inclúan as ditas cláusulas deben ser comunicados e/ou aprobados polos órganos de goberno da sociedade ou do seu grupo.

4. Operacións vinculadas e operacións intragrupo. O informe de goberno corporativo incluírá información sobre as operacións vinculadas e operacións intragrupo, con indicación do órgano competente e o procedemento establecido para a súa aprobación e, de ser o caso, se se procedeu á delegación desa competencia. A información sobre operacións con partes vinculadas e, se é o caso, intragrupo, presentarase desagregada en:

a) Operacións significativas pola súa contía ou relevantes pola súa materia, realizadas cos accionistas significativos da sociedade.

b) Operacións significativas pola súa contía ou relevantes pola súa materia, realizadas con administradores e directivos da sociedade e do grupo de sociedades do cal a sociedade forme parte, identificando as partes vinculadas e o seu vínculo, xunto coa natureza da operación.

c) Operacións significativas realizadas con outras sociedades, persoas ou entidades pertencentes ao mesmo grupo, sempre e cando non se eliminen no proceso de elaboración de estados financeiros consolidados e non formen parte do tráfico habitual da sociedade en canto ao seu obxecto e condicións.

d) Operacións realizadas con outras partes vinculadas.

A información que se deberá incluír sobre operacións vinculadas no informe anual de goberno corporativo enténdese sen prexuízo daquela que as sociedades deberán incluír necesariamente nas informacións semestrais a que se refire o artigo 35 da Lei 24/1988, do mercado de valores, de conformidade co previsto no Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro.

Para os efectos desta disposición, teranse en conta as definicións de operacións vinculadas, operacións intragrupo, accionistas significativos e operacións significativas contidas na Orde EHA/3050/2004, do 15 de setembro, sobre a información das operacións vinculadas que deben subministrarse as sociedades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais.

En todo caso, informarase de calquera operación intragrupo realizada con sociedades establecidas en países ou territorios que teñan a consideración de paraíso fiscal.

5. Sistemas de control do risco. Sinalaranse os principais riscos que poden afectar a consecución dos obxectivos de negocio, os riscos que se materializaron durante o exercicio, o alcance dos sistemas de xestión, os órganos responsables da súa elaboración e execución, o nivel de tolerancia e a descrición dos plans de resposta e supervisión.

6. Una descrición das principais características dos sistemas internos de control e xestión de riscos en relación co proceso de emisión da información financeira. A información desagregarase a partir dos seguintes compoñentes básicos: ámbito de control, avaliación de riscos, actividades de control, información e comunicación e supervisión.

7. Grao de seguimento das recomendacións do Código unificado de bo goberno das sociedades cotizadas, aprobado polo Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, de ser o caso, explicación da falta de seguimento das recomendacións.

Para estes efectos, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá actualizar as recomendacións do Código unificado de bo goberno que serven como referencia para a adopción de normas de bo goberno por parte das sociedades, e para a xustificación ou explicación das normas ou prácticas que aprobe ou realice a sociedade.

As sociedades indicarán o grao de seguimento de cada unha das recomendacións do Código unificado de bo goberno, sinalando se as seguen total ou parcialmente e, en caso de non seguimento ou seguimento parcial, explicarán os seus motivos de xeito que os accionistas, os investidores e o mercado en xeral contén con suficiente información para valorar o proceder da sociedade.

Artigo 6. Informe anual de goberno corporativo das caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

O informe anual de goberno corporativo terá o contido mínimo seguinte:

1. Estrutura e funcionamento dos órganos de goberno. Dentro desta epígrafe conterase, polo menos, información sobre:

a) Funcións da asemblea xeral, consello de administración e comisión de control.

1.º Asemblea xeral: incluíranse as funcións que lle corresponden e, se é o caso, descrición do seu regulamento e relación de acordos adoptados durante o exercicio.

2.º Consello de administración: distinguirase entre as funcións propias e as que lle foron delegadas pola asemblea xeral no consello; as indelegables do consello de administración; as competencias delegadas de forma permanente polo consello de administración nos distintos órganos executivos, en particular, se existe, na comisión executiva, indicando cales son as funcións estatutarias e delegadas que desenvolve; cargos desempeñados por cada un dos conselleiros dentro do consello de administración e funcións asignadas estatutariamente; sinalaranse as funcións de órganos delegados ou de apoio, como o comité de auditoría, a comisión de obra social, a comisión de retribucións e nomeamentos e a comisión de investimentos; igualmente, incluíranse outros órganos internos creados, se é o caso, pola caixa, que poidan ter facultades delegadas con carácter permanente; así mesmo, de ser o caso, descrición do regulamento interno do consello.

3.º Comisión de control: indicárase, en particular, se asumiu ou non as propias do comité de auditoría.

b) Composición da asemblea xeral, consello de administración e comisión de control, así como das demais comisións e órganos delegados ou de apoio, incorporándose a identidade dos seus membros, con indicación do número de conselleiros ou membros, o carácter dos membros do consello, a representación dos grupos de que están formados e datos de asistencia das asembleas anteriores no caso da asemblea xeral; ademais, incluírase a referencia a normas relativas ao sistema de elección, nomeamento, aceptación e revogación de cargos; igualmente, incluírase a identidade do presidente e vicepresidente/s executivos, se é o caso, director xeral e asimilados.

O informe anual de goberno corporativo deberá incluír información relativa ao número de mulleres que integran o consello de administración, as súas comisións e a comisión de control, así como o carácter de tales conselleiras, todo isto con indicación da evolución desta composición nos últimos catro anos.

Igualmente, incluírase información sobre as medidas que, de ser o caso, se adoptaron para procurar incluír no seu consello de administración un número de mulleres que permita alcanzar unha presenza equilibrada de mulleres e homes, así como as medidas

que, se é o caso, a comisión de retribucións e nomeamentos conveña para que, ao se proveren novas vacantes:

1.º Os procedementos de selección non soporten nesgos implícitos que obstaculicen a selección de conselleiras.

2.º A caixa busque deliberadamente entre os conselleiros xerais mulleres que reúnan o perfil profesional buscado.

Cando a pesar das medidas adoptadas, se é o caso, sexa escaso ou nulo o número de conselleiras, o consello deberá explicar os motivos que o xustificuen.

c) En relación co funcionamento da asemblea xeral, o consello de administración e a comisión de control, indícase a periodicidade das reunións dos órganos de goberno; regras relativas á convocatoria das reunións dos distintos órganos de goberno e determinación dos supostos en que os seus membros poderán solicitar a convocatoria das reunións para tratar asuntos que consideren oportunos; as normas relativas á constitución dos órganos, quórum de asistencia, réxime de adopción de acordos, e información que se lles deberá facilitar aos membros dos órganos de goberno e sistemas previstos para o acceso de cada un deles á dita información; información relativa a qué órganos teñen asignada a competencia para decidir a toma de participacións empresariais e, de existiren, que exixencias procedementais ou de información están previstas para este tipo de acordos; sistemas internos establecidos para o control do cumprimento dos acordos adoptados polos órganos de goberno; información relativa ao sistema, se é o caso, creado para que a comisión de control coñeza os acordos adoptados polos distintos órganos de administración co fin de poder exercer a súa función de fiscalización e proposta de suspensión de acordos.

Indícase se o consello de administración procedeu no ano correspondente a realizar unha avaliación da súa actividade, indicando nese caso en que medida a autoavaliación deu lugar a cambios importantes na súa organización interna e sobre os procedementos aplicables ás súas actividades.

2. Cotas participativas. Como mínimo indícase o número de cotas, o seu volume e a porcentaxe que supón sobre o patrimonio da caixa. Así mesmo, indícanse os membros do consello de administración e da comisión de control que posúan cotas participativas das caixas de aforros.

3. Remuneracións percibidas. A información sobre remuneracións deberase desagregar do modo seguinte:

a) As percibidas polos membros do consello de administración, a comisión de control, a comisión de retribucións e nomeamentos, a comisión de investimentos, a comisión de obra social e a comisión executiva, de ser o caso, computando, en todo caso, tanto as axudas de custos por asistencia aos citados órganos como os soldos que se perciban polo desempeño das súas funcións, as remuneracións análogas ás anteriores e as obrigas contraídas en materia de pensións ou de pagamento de primas de seguros de vida.

b) Tamén se incluírá toda clase de remuneracións percibidas polos membros dos órganos de goberno e persoal directivo derivadas da participación en representación das caixas de aforros en sociedades cotizadas ou noutras entidades en que a caixa teña unha presenza ou representación significativa, conforme o previsto na Directiva 2002/87/CE, do 16 de decembro, de conformidade co que estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

c) As percibidas por persoal directivo da entidade, así como polos membros do consello de administración e a comisión de control, pola prestación de servizos á caixa ou ás entidades controladas por ela, enténdendose por tal cando a entidade se encontre nalgunha das situacións previstas no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

d) Información detallada dos acordos entre a caixa de aforros e os seus cargos de administración e dirección ou empregados que dispoñan indemnizacións cando estes dimitan ou sexan despedidos de forma impropcedente ou se a relación laboral chega á súa fin.

4. Operacións de crédito, aval ou garantía. O informe de goberno corporativo incluírá información das operacións de crédito, aval ou garantía efectuadas, xa sexa directamente ou a través de entidades dotadas, adscritas ou participadas, con descrición das súas condicións, incluídas as financeiras. A información sobre as ditas operacións presentarase desagregada en:

a) Realizadas cos membros do consello de administración e da comisión de control das caixas de aforros e familiares de primeiro grao e con empresas ou entidades en relación coas cales os anteriores se encontren nalgunha das situacións previstas no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; e

b) Realizadas cos grupos políticos que teñan representación nas corporacións locais e nas asembleas parlamentarias autonómicas que participasen no proceso electoral. No caso de créditos, deberase explicitar, ademais, a situación destes.

5. Operacións crediticias con institucións ou organismos públicos, incluídos entes territoriais, que designasen conselleiros xerais.

6. Operacións vinculadas e operacións intragrupo. O informe de goberno corporativo incluírá informacións sobre as operacións vinculadas e operacións intragrupo que sexan significativas. Sen prexuízo do disposto nos puntos terceiro e cuarto, a información presentarase desagregada en:

a) Operacións realizadas pola entidade cos membros do consello de administración, a comisión de control, a comisión de retribucións e nomeamentos, a comisión de investimentos e o persoal directivo;

b) Operacións realizadas con administradores e directivos de sociedades e entidades do grupo do cal a entidade forme parte;

c) Operacións significativas realizadas con outras sociedades, persoas ou entidades do grupo.

d) Operacións realizadas con outras partes vinculadas.

Para os efectos desta disposición, teranse en conta as definicións de operacións vinculadas, operacións intragrupo e operacións significativas contidas na Orde EHA/3050/2004, do 15 de setembro, sobre a información das operacións vinculadas que deben subministrar as sociedades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais.

A información que se deberá incluír sobre operacións vinculadas no informe anual de goberno corporativo enténdese sen prexuízo da que se deba incluír necesariamente nas informacións semestrais a que se refire o artigo 35 da Lei 24/1988, do mercado de valores, de conformidade co que estableza a orde ministerial de desenvolvemento.

En canto á información que se deberá incluír sobre operacións intragrupo, terán tal consideración aquelas operacións que relacione directa ou indirectamente unha entidade con outras do mesmo grupo, entendido este de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 24/1988, do mercado de valores, para o cumprimento dunha obriga, sexa ou non contractual, e teña ou non por obxecto un pagamento.

7. Conflitos de interese existentes entre os membros dos órganos de goberno ou, se os houber, cotapartícipes das caixas de aforros e a función social da caixa.

8. Estrutura do negocio do grupo, concretando o papel que desempeña cada unha das entidades no conxunto dos servizos que o grupo lles presta aos clientes. Deberase indicar, así mesmo, a distribución xeográfica da rede de oficinas, así como a existencia e identidade dos membros dos órganos reitores que asuman cargos de administración ou dirección en entidades que formen parte do grupo da caixa.

9. Resumo do informe anual elaborado pola comisión de investimentos da entidade a que se refire o artigo 20 ter da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforros.

10. Sistemas de control do risco. Sinalaranse os principais riscos que poden afectar a consecución dos obxectivos de negocio, os riscos que se materializaron durante o exercicio, o alcance dos sistemas de xestión, os órganos responsables, o nivel de tolerancia e a descrición dos plans de resposta e supervisión.

11. Unha descrición das principais características dos sistemas internos de control e xestión de riscos en relación co proceso de emisión da información financeira. A información desagregarase a partir dos seguintes compoñentes básicos: ámbito de control, avaliación de riscos, actividades de control, información e comunicación, e supervisión.

Artigo 7. Informe anual de goberno corporativo das entidades que emitan valores que se negocien en mercados oficiais.

1. De acordo co disposto na disposición adicional terceira da Lei 26/2003, do 17 de xullo, realizaranse as adaptacións precisas ao contido e estrutura do informe anual de goberno corporativo das entidades que emitan valores que se negocien en mercados oficiais de valores.

As medidas concretas sobre o contido e a estrutura do mencionado informe, conforme o establecido nesta orde, terán presente a natureza xurídica das diferentes categorías de entidades a que se lles aplica o disposto na citada disposición adicional terceira.

2. En todo caso, o informe anual de goberno corporativo terá o contido mínimo seguinte:

a) Estructura de propiedade da entidade, con información sobre calquera restrición á transmisibilidade de valores e calquera restrición ao dereito de voto.

b) Funcionamento da xunta xeral ou órgano equivalente, con información relativa ao desenvolvemento das reunións que realice.

c) Estructura da administración da entidade, con información relativa ás retribucións do órgano de administración ou equivalente, así como ao número de conselleiras que integran o consello de administración e as súas comisións, ou órganos equivalentes, nos termos previstos no artigo 5.3.f) desta orde.

d) Operacións vinculadas da entidade cos seus accionistas, partícipes, cooperativistas, titulares de dereitos dominicais ou calquera outro de natureza equivalente e os seus administradores e cargos directivos, e operacións intragrupo.

e) Sistemas de control de riscos.

f) Descrición das principais características dos sistemas internos de control e xestión de riscos en relación co proceso de emisión da información financeira. A información desagregarase a partir dos seguintes compoñentes básicos: ámbito de control, avaliación de riscos, actividades de control, información e comunicación, e supervisión.

Artigo 8. Tipos de conselleiros.

1. Os informes anuais de goberno corporativo que deberán presentar as sociedades anónimas cotizadas serán elaborados tendo en conta as definicións contidas neste artigo.

2. Son conselleiros executivos aqueles que desempeñen funcións de alta dirección ou sexan empregados da sociedade ou do seu grupo.

Non obstante, os conselleiros que sexan altos directivos ou conselleiros de entidades matrices da sociedade terán a consideración de dominicais.

Cando un conselleiro desempeñe funcións de alta dirección e, ao mesmo tempo, sexa ou represente un accionista significativo ou representado no consello, considerarase como executivo ou interno para os efectos desta orde ministerial.

3. Consideraranse conselleiros dominicais:

a) Aqueles que posúan unha participación accionarial superior ou igual á que se considere legalmente como significativa ou que fosen designados pola súa condición de accionistas, aínda que a súa participación accionarial non alcance a dita contía.

b) Os que representen accionistas dos sinalados na letra precedente.

Para os efectos desta definición, presumirase que un conselleiro representa un accionista cando:

1.º Fose nomeado en exercicio do dereito de representación.

2.º Sexa conselleiro, alto directivo, empregado ou prestador non ocasional de servizos ao dito accionista, ou a sociedades pertencentes ao seu mesmo grupo.

3.º Da documentación societaria se desprenda que o accionista asume que o conselleiro foi designado por el ou o representa.

4.º Sexa cónxuxe, persoa ligada por análoga relación de afectividade ou parente ata de segundo grao dun accionista significativo.

4. Consideraranse conselleiros independentes aqueles que, designados en atención ás súas condicións persoais e profesionais, poidan desempeñar as súas funcións sen se veren condicionados por relacións coa sociedade, os seus accionistas significativos ou os seus directivos.

Non poderán ser clasificados en ningún caso como conselleiros independentes aqueles que:

a) Fosen empregados ou conselleiros executivos de sociedades do grupo, salvo que transcorresen 3 ou 5 anos, respectivamente, desde o cesamento nesa relación.

b) Perciban da sociedade, ou do seu mesmo grupo, calquera cantidade ou beneficio por un concepto distinto da remuneración de conselleiro, salvo que non sexa significativa para o conselleiro.

Non se terán en conta, para os efectos do disposto neste punto, os dividendos nin os complementos de pensións que reciba o conselleiro en razón da súa anterior relación profesional ou laboral, sempre que tales complementos teñan carácter incondicional e, en consecuencia, a sociedade que os satisfaga non poida de forma discrecional, sen que medie incumprimento de obrigas, suspender, modificar ou revogar a súa devindicación.

c) Sexan ou fosen durante os últimos 3 anos socios do auditor externo ou responsable do informe de auditoría, xa se trate da auditoría durante o dito período da sociedade cotizada ou de calquera outra sociedade do seu grupo.

d) Sexan conselleiros executivos ou altos directivos doutra sociedade distinta na cal algún conselleiro executivo ou alto directivo da sociedade sexa conselleiro externo.

e) Manteñan ou mantivesen durante o último ano unha relación de negocios importante coa sociedade ou con calquera sociedade do seu grupo, xa sexa en nome propio ou como accionista significativo, conselleiro ou alto directivo dunha entidade que manteña ou mantivese a dita relación.

Consideraranse relacións de negocios as de provedor de bens ou servizos, incluídos os financeiros, a de asesor ou consultor.

f) Sexan accionistas significativos, conselleiros executivos ou altos directivos dunha entidade que reciba ou recibise durante os últimos 3 anos doazóns da sociedade ou do seu grupo.

Non se considerarán incluídos nesta letra aqueles que sexan meros padroeiros dunha fundación que reciba doazóns.

g) Sexan cónxuxes, persoas ligadas por análoga relación de afectividade ou parentes ata de segundo grao dun conselleiro executivo ou alto directivo da sociedade.

h) Non fosen propostos, xa sexa para o seu nomeamento ou renovación, de ser o caso, pola comisión de nomeamentos.

i) Sexan conselleiros durante un período continuado superior a 12 anos, sen prexuízo do establecido na letra a) deste número.

j) Se encontren, respecto a algún accionista significativo ou representado no consello, nalgún dos supostos sinalados nas letras a), e), f) ou g) desta orde. No caso da relación de parentesco sinalada na letra g), a limitación aplicarase non só respecto ao accionista, senón tamén respecto aos seus conselleiros dominicais na sociedade participada.

Os conselleiros dominicais que perdan tal condición como consecuencia da venda da súa participación polo accionista a que representaban só poderán ser reelixidos como conselleiros independentes cando o accionista a que representasen ata ese momento vendese a totalidade das súas accións na sociedade.

Un conselleiro que posúa unha participación accionarial na sociedade poderá ter a condición de independente, sempre que satisfaga todas as condicións establecidas nesta orde e, ademais, a súa participación non sexa significativa.

5. No caso de que exista algún conselleiro externo que non poida ser considerado dominical nin independente, a sociedade explicará tal circunstancia e os seus vínculos, xa sexa coa sociedade ou os seus directivos, xa cos seus accionistas.

6. O consello, logo de informe da comisión de nomeamentos, é o responsable de determinar, con carácter anual ao elaborar o informe de goberno corporativo e sobre a base da información facilitada polo conselleiro avaliado ou publicamente dispoñible, se o dito conselleiro cumpre de forma continuada coas condicións de independencia establecidas nesta orde.

Artigo 9. *Publicidade.*

1. Os informes de goberno corporativo serán obxecto de publicación como feito relevante e comunicados á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que os publicará na súa páxina web. O informe anual de goberno corporativo porase á disposición dos accionistas no caso das sociedades, e á disposición dos membros da asemblea xeral reunidos para censurar a xestión do consello de administración no caso das caixas de aforros, e será accesible, por vía telemática, a través da páxina web da sociedade ou entidade correspondente.

2. O prazo para publicar como feito relevante o informe anual de goberno corporativo será como máximo de catro meses desde a finalización do exercicio económico do emisor e non poderá exceder a data en que se publique oficialmente a convocatoria da Xunta Xeral ordinaria ou do órgano que resulte competente para a aprobación do informe financeiro anual da entidade correspondentes ao mesmo exercicio que o citado informe.

No caso de entidades non obrigadas a publicar a dita convocatoria, a difusión será como máximo de catro meses e non poderá ter lugar máis tarde da data da convocatoria do órgano competente para a aprobación das contas anuais da entidade correspondente ao mesmo exercicio que o informe de bo goberno.

3. As caixas de aforros que emitisen valores admitidos a negociación nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea e estean obrigadas a formular contas anuais consolidadas terán un prazo de catro meses desde a finalización do exercicio económico do emisor para publicaren como feito relevante o informe anual de goberno corporativo, prazo que non poderá exceder a data en que se publique oficialmente a convocatoria da Asemblea Xeral para a aprobación do informe financeiro anual correspondente ao mesmo exercicio que o citado informe.

Se a caixa non emitiu valores admitidos a negociación nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea ou non está obrigada a formular contas anuais consolidadas, o prazo para publicar o informe anual de goberno corporativo poderá exceder a data en que se publique oficialmente a convocatoria da Asemblea Xeral para a aprobación das contas anuais correspondentes ao mesmo exercicio que o citado informe.

4. As entidades domiciliadas en España cuxos dereitos de voto correspondan na súa totalidade, xa sexa de forma directa ou indirecta, a outra entidade cuxos valores

coticen nos mercados de valores secundarios oficiais españois, poderán remitir o informe anual de goberno corporativo elaborado pola entidade que exerce o control sobre elas.

En tal caso, a entidade controlada remitirá anualmente á Comisión Nacional do Mercado de Valores un escrito en que se sinale que se encontra na situación mencionada no parágrafo anterior, identificando a entidade dominante e xustificando, desta forma, a non elaboración do informe anual de goberno corporativo.

No caso de que a entidade dominante elaborase un informe anual de goberno corporativo equivalente ao que debería elaborar e difundir a entidade española de acordo co previsto nesta orde, a entidade española deberá remitir anualmente á Comisión Nacional do Mercado de Valores unha copia do informe elaborado pola súa entidade dominante en castelán.

5. As entidades estranxeiras cuxos valores coticen nos mercados secundarios oficiais españois, ademais de facelo noutros mercados secundarios estranxeiros, terán a obriga de pór o informe de goberno corporativo á disposición dos accionistas, polo menos en castelán ou nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais, así como de remitir anualmente unha copia á Comisión Nacional do Mercado de Valores. Estas entidades só estarán obrigadas a elaborar e difundir un informe anual de goberno corporativo conforme esta orde cando non elaborasen ningún informe equivalente de conformidade coas normas ou regras dos seus países de orixe ou dos países nos cales radiquen os mercados en que coticen.

As entidades estranxeiras que emitisen valores que coticen en mercados secundarios oficiais españois e que estean controladas na súa totalidade, xa sexa de forma directa ou indirecta, por outra entidade, poderán remitir o informe anual de goberno corporativo da entidade dominante cando o dito informe sexa equivalente ao que correspondería elaborar e difundir ás filiais estranxeiras.

En tal caso, a entidade estranxeira controlada remitirá anualmente á Comisión Nacional do Mercado de Valores unha copia do informe elaborado pola súa entidade dominante en castelán xunto cun escrito en que se sinale que se encontra na situación mencionada no parágrafo anterior, identificando a entidade dominante e xustificando, desta forma, a non elaboración, pola súa banda, do informe anual de goberno corporativo.

6. Cando a sociedade cotizada sexa unha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual, xunto co informe anual de goberno corporativo elaborado pola dirección, xuntarase un informe elaborado polo consello de control sobre o exercicio das súas funcións.

CAPÍTULO III

Informe anual sobre remuneracións dos conselleiros

Artigo 10. *Informe anual sobre remuneracións dos conselleiros de sociedades cotizadas.*

As sociedades anónimas cotizadas deberán elaborar un informe anual sobre remuneracións dos conselleiros que dará unha información completa, clara e comprensible da política de remuneracións da sociedade e terá o contido mínimo seguinte:

1. Información da política de remuneracións para o exercicio en curso. Dentro desta epígrafe conterase, polo menos, a seguinte información:

a) Importe dos compoñentes fixos e axudas de custos, así como dos conceptos retributivos de carácter variable, cos criterios de avaliación do desempeño elixidos para o seu deseño e métodos previstos para determinar o cumprimento dos criterios. Clases de conselleiros aos cales se apliquen a retribución de carácter variable, así como explicación da importancia relativa dos conceptos retributivos variables respecto aos fixos.

Este punto incluírá, se é o caso:

1.º As axudas de custos de asistencia ou outras retribucións fixas como conselleiro. Estimación da retribución fixa anual a que dean orixe as axudas.

2.º A remuneración adicional como presidente ou membro dalgunha comisión do consello.

3.º Calquera remuneración en concepto de participación en beneficios ou primas, e a razón pola cal se outorgaron.

4.º Opcións sobre accións ou calquera outro instrumento referido ao valor da acción.

5.º Parámetros fundamentais e fundamento de calquera sistema de primas anuais (bonus) ou doutros beneficios non satisfeitos en efectivo.

6.º Unha estimación do importe absoluto das retribucións variables a que dará orixe o plan retributivo proposto en función do grao de cumprimento das hipóteses ou obxectivos que tome como referencia.

7.º As achegas a favor do conselleiro a plans de pensións de achega definida ou o aumento de dereitos consolidados do conselleiro cando se trate de achegas a plans de prestación definida. En calquera destes casos, informarase sobre os dereitos acumulados polo conselleiro.

8.º Calquera indemnización pactada ou pagada en caso de terminación das súas funcións.

9.º As retribucións polo desempeño de funcións de alta dirección dos conselleiros executivos.

10.º Calquera remuneración suplementaria devindicada aos conselleiros como contraprestación polos servizos prestados distintos dos inherentes ao seu cargo.

11.º Calquera retribución en forma de anticipos, créditos e garantías concedidos, con indicación do tipo de xuro, as súas características esenciais e os importes eventualmente devoltos, así como as obrigas asumidas por conta deles a título de garantía.

12.º As remuneracións en especie.

13.º As remuneracións percibidas polo conselleiro en virtude dos pagamentos que realice a sociedade cotizada a unha terceira entidade na cal presta servizos o conselleiro, cando os ditos pagamentos teñan como fin remunerar os servizos deste na sociedade.

14.º Calquera outro concepto retributivo distinto dos anteriores, calquera que sexa a súa natureza ou a entidade do grupo que o satisfaga, especialmente cando teña a consideración de operación vinculada ou a súa omisión distorsione a imaxe fiel das remuneracións totais devindicadas polo conselleiro.

b) Principais características dos sistemas de previsión cunha estimación do seu importe ou custo anual equivalente.

c) Condicións que deberán respectar os contratos daqueles que exerzan funcións de alta dirección como conselleiros executivos.

d) Cambios máis significativos da política retributiva sobre a aplicada durante o exercicio anterior.

e) Información sobre os traballos preparatorios e o proceso de toma de decisións que se segue para determinar a política de remuneración e papel desempeñado, se é o caso, pola comisión de retribucións e outros órganos de control na configuración da política de remuneracións. Esta información incluírá, se é o caso, o mandato e a composición da comisión de retribucións e a identidade dos asesores externos cuxos servizos se utilizasen para definir a política retributiva. Igualmente, expresarase o carácter dos conselleiros que, se é o caso, interviñesen na definición da política retributiva.

f) Información sobre accións adoptadas pola sociedade en relación co sistema de remuneración para reducir a exposición a riscos excesivos e axustalo aos obxectivos, valores e intereses a longo prazo da sociedade, o que incluírá, se é o caso, unha referencia a medidas previstas para garantir que na política de remuneración dos conselleiros se atende aos resultados a longo prazo da sociedade; medidas que establezan un equilibrio adecuado entre os compoñentes fixos e variables da remuneración; medidas adoptadas en relación con aquelas categorías de persoal cuxas actividades profesionais teñan unha repercusión material no perfil de riscos da entidade; fórmulas ou cláusulas de recobrimento para poder reclamar a devolución dos compoñentes variables da remuneración baseados nos resultados cando tales

compoñentes se paguen atendendo a uns datos cuxa inexactitude quedase despois demostrada de forma manifesta, e medidas previstas para evitar conflitos de intereses, de ser o caso.

g) Información suficiente sobre os prazos fixados para a dispoñibilidade das accións tras a adquisición da súa plena propiedade.

2. Política de remuneracións prevista para anos futuros. Deberase realizar unha previsión xeral da política de remuneracións para anos futuros que describa a dita política con respecto a compoñentes fixos e axudas de custos e retribucións de carácter variable; relación entre a remuneración e os resultados; sistemas de previsión; condicións dos contratos de conselleiros executivos e altos directivos, e previsión de cambios máis significativos da política retributiva con respecto a anos precedentes. Achegarse información sobre o proceso de toma de decisións para a configuración da política de remuneracións prevista para os anos futuros e sobre o papel desempeñado, se é o caso, pola comisión de retribucións, así como información sobre incentivos creados pola sociedade no sistema de remuneración para reducir a exposición a riscos excesivos e axustalo aos obxectivos, valores e intereses a longo prazo da sociedade.

3. Resumo global da política de retribucións do exercicio anterior.

4. Detalle das retribucións devindicadas durante o exercicio anterior. Esta epígrafe conterá, polo menos, a seguinte información:

a) A desagregación individualizada da remuneración de cada conselleiro, de acordo co previsto no punto 1.a) deste artigo.

b) A desagregación individualizada das eventuais entregas a conselleiros de accións, opcións sobre accións ou calquera outro instrumento referido ao valor da acción.

c) Información sobre a relación, no dito exercicio pasado, entre a retribución obtida polos conselleiros e os resultados ou outras medidas de rendemento da sociedade, explicando, se é o caso, como as variacións no rendemento da sociedade puideron influír na variación das remuneracións dos conselleiros.

d) Información sobre o resultado da votación consultiva da Xunta Xeral, con indicación do número de votos negativos que, de ser o caso, se emitiron ao informe anual sobre remuneracións dos conselleiros.

Artigo 11. Informe anual sobre remuneracións dos membros do consello de administración e da comisión de control das caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

As caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores deberán elaborar un informe anual sobre remuneracións dos membros do consello de administración e da comisión de control que dará unha información completa, clara e comprensible sobre a política de remuneracións da entidade, co contido e estrutura previstos no artigo 10 desta orde, sen prexuízo das adaptacións indispensables que se deban realizar en atención á natureza destas entidades.

Artigo 12. Publicidade.

1. Os informes sobre remuneracións previstos nos puntos anteriores serán obxecto de publicación como feito relevante e comunicados á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que os publicará na súa páxina web.

2. O informe sobre remuneracións difundirase e someterase a votación, con carácter consultivo e como punto da orde do día, á Xunta Xeral ordinaria de accionistas ou Asemblea Xeral no caso das caixas de aforros, e será accesible, por vía telemática, a través da páxina web da sociedade ou entidade correspondente.

3. O disposto nos números 2, 3, 4 e 5 do artigo 9 desta orde, relativos aos prazos de presentación do informe de goberno corporativo e ás entidades obrigadas a presentalo, serán de aplicación ao informe anual sobre remuneracións.

CAPÍTULO IV

Instrumentos de información

Artigo 13. *Instrumentos de información e publicidade de feitos relevantes.*

1. As sociedades anónimas cotizadas deberán contar cunha páxina web que deberá ter, polo menos, o seguinte contido:

- a) Os estatutos sociais.
- b) Últimas contas anuais aprobadas, individuais e consolidadas.
- c) O regulamento da Xunta Xeral.
- d) O regulamento do consello de administración e, de ser o caso, os regulamentos das comisións do consello de administración.
- e) A memoria anual e o regulamento interno de conduta.
- f) Os informes de goberno corporativo.
- g) Os informes anuais sobre remuneracións dos conselleiros.
- h) Os documentos relativos ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias, con información sobre a orde do día, as propostas que realiza o consello de administración, así como calquera información relevante que poidan precisar os accionistas para emitiren o seu voto, dentro do período que sinala a Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- i) Información sobre o desenvolvemento das xuntas xerais celebradas e, en particular, sobre a composición da Xunta Xeral no momento da súa constitución, acordos adoptados, con expresión do número de votos emitidos e o sentido destes en cada unha das propostas incluídas na orde do día, dentro do período que sinala a Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- j) Os informes financeiros anuais correspondentes aos últimos cinco exercicios.
- k) O informe financeiro semestral relativo aos seis primeiros meses de exercicio.
- l) O segundo informe financeiro semestral referido aos doce meses de exercicio.
- m) A declaración intermedia de xestión.
- n) As canles de comunicación existentes entre a sociedade e os accionistas e, en particular, as explicacións pertinentes para o exercicio do dereito de información do accionista, con indicación dos enderezos de correo postal e electrónico a que se poden dirixir os accionistas.
- ñ) Os medios e procedementos para conferir a representación na Xunta Xeral, conforme as especificacións que estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- o) Os medios e procedementos para o exercicio do voto a distancia, de acordo coas normas que desenvolvan ese sistema, incluídos, de ser o caso, os formularios para acreditar a asistencia e o exercicio do voto por medios telemáticos nas xuntas xerais.
- p) Foro electrónico de accionistas nos termos regulados pola normativa correspondente.
- q) Outros feitos relevantes, de acordo co disposto nesta orde ministerial.

2. As caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores deberán contar cunha páxina web que deberá ter, polo menos, o seguinte contido:

- a) Os estatutos da caixa de aforros.
- b) Últimas contas anuais aprobadas, individuais e consolidadas.
- c) Os regulamentos dos órganos de goberno que, se é o caso, existan.
- d) Os regulamentos das comisións do consello que, se é o caso, existan.
- e) Os regulamentos da comisión de retribucións e nomeamentos, e da comisión de investimentos.
- f) A memoria anual e o regulamento interno de conduta.
- g) O informe de goberno corporativo.
- h) O informe anual sobre remuneracións dos membros do consello de administración e da comisión de control.

i) Os documentos relativos ás asembleas xerais ordinarias e extraordinarias, con información sobre a orde do día, as propostas que realiza o consello de administración, así como calquera información relevante que poidan precisar os membros para emitir o seu voto, dentro do período que sinala a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

j) Información sobre o desenvolvemento das asembleas xerais celebradas e, en particular, sobre a composición da Asemblea Xeral no momento da súa constitución, sobre os acordos adoptados, con expresión do número de votos emitidos e no sentido destes en cada unha das propostas incluídas na orde do día, dentro do período que sinala a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

k) Os informes financeiros anuais correspondentes aos últimos cinco exercicios.

l) O informe financeiro semestral relativo aos seis primeiros meses de exercicio.

m) As canles de comunicación existentes entre a entidade e os impositores e investidores e, en particular, as explicacións pertinentes para o exercicio do dereito de información, con indicación dos enderezos de correo postal e electrónico a que se poden dirixir.

n) Os medios e procedementos para o exercicio do voto a distancia cando así se previse para o funcionamento da Asemblea Xeral, incluídos, se é o caso, os formularios para acreditar a asistencia e o exercicio do voto por medios telemáticos na asemblea xeral.

3. É responsabilidade dos administradores no caso das sociedades cotizadas, e do director xeral no caso das caixas de aforros, manter a información actualizada da páxina web da sociedade e coordinar o seu contido co que resulte dos documentos depositados e inscritos nos correspondentes rexistros públicos.

4. Facúltase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para determinar as especificacións técnicas e xurídicas, e a información que as sociedades anónimas cotizadas e as caixas de aforros que emitan valores a negociación deben incluír na páxina web, conforme o establecido no presente artigo desta orde.

5. A vixencia dos estatutos, regulamentos, pactos parasociais, asignación de responsabilidades dos conselleiros dentro das comisións e os seus cargos respectivos e demais feitos inscrites no Rexistro Mercantil, así como calquera documento depositado e inscrito nos correspondentes rexistros públicos, poderanse acreditar mediante conexión telemática coa correspondente base de datos pública na rede.

Disposición adicional única. *Informes de goberno corporativo e de remuneracións das caixas de aforros que non emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores e caixas de aforros que desenvolvan o seu obxecto como entidade de crédito a través dunha entidade bancaria.*

1. As caixas de aforros, xa sexan de exercicio directo ou indirecto, que non emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores deberán facer público con carácter anual un informe de goberno corporativo e de remuneracións. O informe anual de goberno corporativo e o de remuneracións serán obxecto de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, e xuntarase copia do documento en que conste. A Comisión Nacional do Mercado de Valores remitiralles copia dos informes comunicados ao Banco de España e aos órganos competentes das comunidades autónomas.

As caixas de aforros que non emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores axustarán o contido e estrutura dos informes de goberno corporativo e de remuneracións, cos axustes que correspondan en canto entidades non emisoras, ao disposto nesta orde e aos modelos e impresos que, se é o caso, establece a Comisión Nacional do Mercado de Valores para as caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

2. Conforme o previsto no artigo 5 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros, no caso de caixas de aforros que desenvolvan o seu obxecto propio como entidade de crédito a

través dunha entidade bancaria á cal acheguen todo o seu negocio financeiro, o establecido nesta disposición será de aplicación ás entidades a través das cales as ditas caixas de aforros exerzan a súa actividade como entidade de crédito.

No suposto de que as entidades referidas no parágrafo anterior non teñan o carácter de sociedades anónimas cotizadas, axustarán o contido e a estrutura dos informes de goberno corporativo e de remuneracións, cos axustes que correspondan en canto entidades non emisoras, ao disposto nesta orde e aos modelos e impresos que, se é o caso, estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores para as sociedades anónimas cotizadas.

O informe anual de goberno corporativo e o de remuneracións serán obxecto de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, e xuntarase copia do documento en que consten. A Comisión Nacional do Mercado de Valores remitirá copia dos informes comunicados ao Banco de España.

3. Os informes previstos nesta disposición adicional rexeranse, no que respecta ás regras de publicidade, competencia para aprobación e responsabilidade da formulación, ao previsto con carácter xeral nesta orde.

Disposición transitoria primeira. Mantemento en vigor das circulares da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Mentres a Comisión Nacional do Mercado de Valores non dite as circulares previstas na disposición derradeira primeira desta orde, manteranse en vigor a Circular 1/2004, do 17 de marzo, sobre o informe anual de goberno corporativo das sociedades anónimas cotizadas e outras entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais de valores, e outros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas; a Circular 4/2007, do 27 de decembro, que modifica o modelo de informe anual de goberno corporativo das sociedades anónimas cotizadas; e a Circular 2/2005, do 21 de abril, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre o informe anual de goberno corporativo e outra información das caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

Disposición transitoria segunda. Conselleiros independentes.

Os conselleiros independentes que en 30 de xuño de 2013 desempeñasen o seu posto durante un prazo superior a 12 anos non perderán a súa condición de conselleiro independente ata a finalización do mandato en curso, sempre que non incorran nalgunha das outras causas previstas no número 4 do artigo 8 que lles impidan manter a dita cualificación.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, no informe anual de goberno corporativo relativo ao exercicio 2013 poderanse seguir cualificando como independentes os conselleiros que durante ese exercicio leven desempeñado o seu cargo durante un período superior a 12 anos, sempre que non incorran nalgunha das outras causas previstas no número 4 do artigo 8 que lles impidan manter a dita cualificación.

Disposición transitoria terceira. Obrigas en materia de goberno corporativo para o exercicio comezado o 1 de xaneiro de 2012.

As obrigas de informe previstas nos artigos 5, 6, 7, 10, 11 e 12 non serán de aplicación ao exercicio comezado o 1 de xaneiro de 2012, que se rexerá pola normativa aplicable con anterioridade á aprobación desta orde.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogada a Orde ECO/3722/2003, do 26 de decembro, sobre o informe anual de goberno corporativo e outros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas e outras entidades. Así mesmo, queda derogada a Orde ECO/354/2004, do 17

de febreiro, sobre o informe anual de goberno corporativo e outra información das caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde EHA/1421/2009, do 1 de xuño, pola que se desenvolve o artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de información relevante.*

Introdúcese un artigo 2 bis na Orde EHA/1421/2009, do 1 de xuño, pola que se desenvolve o artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de información relevante, co texto seguinte:

«Artigo 2 bis. *Difusión dos feitos relevantes polos emisores de valores.*

1. Os emisores de valores deberán difundir a través das súas páxinas web os feitos relevantes previamente comunicados á Comisión Nacional do Mercado de Valores, así como manter a publicidade dos feitos relevantes a través deste medio durante o prazo que determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer, a este respecto, prazos de difusión diferentes en función do contido do feito relevante comunicado.

Os feitos relevantes publicados a través das páxinas web deberanse corresponder exactamente cos feitos relevantes remitidos á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Os emisores de valores garantirán que a difusión desta información se efectúa de xeito comprensible, gratuito, directo e de doado acceso para o investidor».

Disposición derradeira segunda. *Habilitación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores queda habilitada para detallar, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta orde, e conforme o expresado nela, o contido e a estrutura dos informes de goberno corporativo e de remuneracións regulados nesta orde, para cuxo efecto poderá establecer modelos ou impresos conforme os cales as diferentes entidades os deberán facer públicos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de marzo de 2013.—O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.